



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 5/2015

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO  
O DÍA 12 DE MARZO DE 2015**

**ORDE DO DÍA**

- 1 Aprobación, de ser o caso, das actas 3 e 4 das respectivas sesións de 26/02/15 (ordinario febreiro) e 05/03/15 (extraordinario urxente)
- 2 Aprobación Inicial do Orzamento Xeral do Concello
- 3 Adopción de acordo sobre a restructuración do “Proxecto Marisma máis” integrado no Programa operativo FEDER de Galicia

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas do día quince de marzo de dous mil quince, baixo a Presidencia do alcalde Javier Bas Corugeira e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Erminda Quelle Fernández, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Luís Alberto Orge Míguez, Digna Rosa Rivas Gómez, Leticia González Guisande, Antonio Cabaleiro Millares, Leonardo Cabaleiro Couñago, Antonio Vázquez Saco, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoan Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral accidental da corporación Paloma Meno Rodríguez, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria é de acordo coa Orde do Día

**INCIDENCIAS**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

O presidente declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar o primeiro punto da Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN, DE SER O CASO, DAS ACTAS 3 e 4 DAS RESPECTIVAS SESIÓNS DE 26/02/15 (ORDINARIO FEBREIRO) E 05/03/15 (EXTRAORDINARIO URXENTE).**

Dada conta dos borradores das seguintes actas:

-SESIÓN ORDINARIA DO 26.02.2015 – 3/2015.

-SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 05.03.2015 – 4/2015.

Sometidos a votación os mencionados borradores, son aprobados nos seus propios termos, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).



## CONCELLO DE REDONDELA

### 2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO.

#### ANTECEDENTES.-

Visto o ditame da comisión informativa de economía, facenda e desenvolvemento local de data 5 de marzo de 2015, que transcrito di:

“Asunto. Aprobación Inicial do Orzamento Xeral do Concello

Vista a Proposta da Concelleira de Economía e Facenda e Desenvolvemento Local, de data 03 de marzo de 2015, que transcrita di:

“Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2015, que inclúe o orzamento municipal e o da Sociedade Mercantil “Radio Redondela, S.L.”.

Vista a estrutura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos, os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación, que se forma o orzamento con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que o mesmo atópase equilibrado cumprindo así co disposto no artigo 165 do TRLFL.

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

**PRIMEIRO.-** Aprobado inicialmente o orzamento xeral do Concello, que ascende cos seguintes resúmenes:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - INGRESOS	
TOTAL ORZAMENTO	IMPORTE
<b>Total capítulo 1</b> IMPOSTOS DIRECTOS	<b>6.999.100,23 €</b>
<b>Total capítulo 2</b> IMPOSTOS INDIRECTOS	<b>250.000,00 €</b>
<b>Total capítulo 3</b> TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	<b>2.166.995,00 €</b>
<b>Total capítulo 4</b> TRANSFERENCIAS CORRENTES	<b>7.479.307,70 €</b>
<b>Total capítulo 5</b> INGRESOS PATRIMONIAIS	<b>38.608,99 €</b>
<b>Total capítulo 7</b> TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	<b>250.031,08 €</b>
<b>Total capítulo 8</b> ACTIVOS FINANCEIROS	<b>36.000,00 €</b>
<b>Total</b> PASIVOS FINANCEIROS	<b>60.000,00 €</b>



CONCELLO DE REDONDELA

capítulo 9		
TOTAL	17.280.043,00 €	
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO	IMPORTE	
Total capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	6.171.313,54 €
Total capítulo 2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	7.043.937,96 €
Total capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	276.276,53 €
Total capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.120.060,38 €
Total capítulo 6	INVERSIONS REAIS	1.611.350,90 €
Total capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	400,00 €
Total capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	36.000,00 €
Total capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	1.020.703,69 €
<b>TOTAL</b>		<b>17.280.043,00 €</b>

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO	IMPORTE	
Área de gasto 1	SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	7.632.284,30 €
Área de gasto 2	ACTUACIONES DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	1.589.693,81 €
Área de gasto 3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	3.870.802,33 €
Área de gasto 4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	245.574,10 €
Área de gasto 9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	2.717.029,70 €
Área de gasto 0	DEUDA PÚBLICA	1.224.658,76 €
<b>TOTAL</b>		<b>17.280.043,00 €</b>

**SEGUNDO.-** De acordo co apartado sexto do artigo 21 do Real Decreto 500/90 entender que no acordo de aprobación do orzamento as modificacións orzamentarias MC 01-15 tc 01-15, MC



## CONCELLO DE REDONDELA

04-15 gc 02-15, MC 08-15 tc 4-15 e MC 09-15 gc 3-15 consideraranse incluídas nos créditos iniciais, procedendo a anular as mesma unha vez entre en vigor o orzamento.

**TERCEIRO.-** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**CUARTO.-** O orzamento xeral considerárase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

**QUINTO.-** Do orzamento definitivamente aprobado remitírase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.

Votacións e dictame.- A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 4 votos do PP (4 do PP), e a abstención dos demais partidos (3 do PSG-PSOE, 1 do BNG e 1 da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

### INTERVENCIÓNS.-

A concelleira ALONSO ALONSO manifesta que presentan un orzamento que cumpre coa estabilidade orzamentaria, de equilibrio de ingresos e gastos, fai unha exposición resumida das distintas partidas dos capítulos de gastos; do capítulo 1 de gastos de persoal, do capítulo 2 de gastos correntes en bens e servizos: incide no incremento das partidas de servizos sociais e emprego, xa que están previstos dous obradoiros de emprego e o segundo duplicase, do capítulo 3 de gastos financeiros: expoñe que non se acudiu a novas financiación, contéplase segundo recomendacións da intervención municipal un tipo de xuro do 3%, no capítulo 4 de transferencias correntes hai un incremento para distintas partidas, poñendo como exemplo, entre outros, o transporte metropolitano, liña para a pobreza infantil, e se manteñen outras partidas, o capítulo de investimentos, redúcese por remate das obras do Plan Marisma Máis, como o museo de Meirande, Pavillón e paseo marítimo, e prevese un incremento dos orzamentos participativos. Indica que o se pretende é facer inversións prioritarias sen poñer en risco a estabilidade orzamentaria municipal, aumentándose as dotacións orzamentarias destinadas a eliminación de barreiras arquitectónicas, adócanse investimentos a diferentes proxectos: reforma do mercado de Chapela e o demandado aparcadoiro fronte a praza de abastos, baseados na liña de subvencións. Expoñe que o orzamento está nivelado en ingresos e gastos, e presenta un superávit de 1.300.000 euros. Di que non se recorre á financiación externa, préstamos, báixase o Imposto sobre Bens Inmóveis ao mínimo legal, para dar cumprimento a prazos e obrigas da normativa legal vixente. Sinala a importancia da aprobación do orzamento do 2015, xa que de non aprobarse, non se prorrogarían subvencións nin convenios previstos que non tiñan dotación orzamentaria, poñe distintos exemplos, como os dous obradoiros, a gardería de Chapela, o transporte metropolitano, o plan de emprego, etc..., remata reiterando que os orzamentos están adaptados ás necesidades do Concello, co obxectivo de redución e contención de gastos.

O concelleiro BLANCO PEREZ na súa intervención da lectura ao seguinte escrito:

Despois de catro anos de convivir con vostedes dificilmente nos poderíamos quedar na superficialidade dos números. Preferimos quedarnos cos seus modos de traballar ou proceder. Con non querer colocar placas nas obras inauguradas pero andar raudo en sacar unha foto a beira dunha árbore recién plantada, dun camiño recién asfaltado, duns coches de policía recién estreados, dunha cuberta de Multiusos por colocar, dunha inauguración da Ponte de Rande que.... ahh perdón perdón aí obrigárono. Quedámonos coas súas boas xestións:



## CONCELLO DE REDONDELA

1. Tal coma encher un formulario para que nos desen a Bandeira Azul, cando menos a unha parte da praia, non necesitou de recuperar as dunas, nin mellorar os accesos, non tivo que preocuparse de edificacións ilegais. Só de encher un formulario.

2. A posta en valor da Fervenza de Reboreda tan fermosa tan exuberante, referímonos a pasarela que colocaron enriba da fervenza e diante dos muíños que supostamente debíamos de ver cando visitásemos a zona. Por certo unha mágoa que pechasen a canle que subministraba auga os muíños pero entendemos que primeiro é preservar a pasarela, non vaian pudrir os piares, que disfrutar dos muíños que se alimentaron desa auga durante cen anos.

3. Do novo centro Deportivo de Santa Mariña cos seus campos sintéticos pero sen vestiarios, co seu novo graderío co seu correspondiente sobre custo, co seu ascensor desaconsellado por medidas de seguridade pero mais fiable que unha rampa ou un graderío anexo para persoas con mobilidade reducida. Chamounos moito a atención que se incorpore a esta actuación os cartos que se deberan de adicar a eliminación de barreiras arquitectónicas. Non ten maiores prioridades o noso Concello nese sentido? O certo é que cando vemos este tipo de actuacións en institucións gobernadas polo PP un case acaba entendendo a súa habitual falta de tacto e respecto polas persoas con discapacidades ou enfermas coma as de Hepatite C.

4. Do Centro de Día de Trasmañó que despois de que a Concelleira Alonso nos culpase a todos os grupos de que non se construíría se non eramos quen de aprobar os Orzamentos do 2014. Resulta que pasado o tempo nos enteramos de que a Xunta xa lles informara o 28 de Outubro de 2013 (catro meses antes do pleno dos orzamentos) de que non se ía facer cargo da titularidade do Centro e vostedes non volveron a insistirles ata unha semana antes do pleno e a pesar de que sabían sobradamente que pola nova lei de Réxime Local o Concello non podía facerse cargo do Centro de Día, vostede señor Bas encargou os preceptivos informes técnicos, que sabía serían negativos, para poder lava las mans diante dos veciños de Trasmañó.

Poderíamos falar da súa boa xestión en torno a ampliación da Ponte de Rande pero non acabamos de ter clara a súa postura.

A pesar de que o PP aprobou en Madrid unha lei pola que impide aos Concellos contratar persoal o Concello beneficiouse estes anos de varias subvencións para contratar becarios ou diferente persoal que polo motivo que fose nunca acababa recalando na minguada plantilla do departamento de Servizos Sociais. A non ser que o motivo fose fomentar o paulatino deterioro do citado servizo, deterioro propio das políticas do PP en todo o Estado.

Gastos en partidas tales coma *Prevención e reinserción de drogodependentes, Act. Da 3º Idade, Lúdoteca, Alfabetización de Adultos, Inclusión Social, Act. E programas concellería da muller, campamentos, etc.* Diminuíron nestes catro anos pasando de un gasto de 217.000 € no ano 2010 a os 133.148 € do ano 2012 e rematando no 2014 con 145.000 €. Tal vez lles recome algo a conciencia cando para estes orzamentos aumentan a dotación nestas partidas ata alcanzar os 207.600 €.

Os gastos en partidas como Teleasistencia, S.A.F., Programa Clara, etc. Caeron dos 436.430 € do ano 2010 ós 247.513 do ano 2013 para remontar o ano pasado ata os 288.000 €. preto de 150.000 € menos do que se gastaba cando chegaron.

Polo contrario aumentaron vostedes durante estes anos as dotacións orzamentarias das partidas adicadas a subvencións nominativas tales coma Lenda, Cáritas, Subvencións a Emerxencia Social, Muller e igualdade. Pasouse duns Orzamentos de 69.000 € no 2010 a 145.000 € no 2015. Sen embargo o gasto apenas aumentou dos 65.000 € do ano 2010 pasmos a 80.000€ este último ano. Todo isto co agravante de que ano tras ano Lenda, Cáritas, Andaina, etc. están cobrando a ano vencido é son as propias ANPA as que sufragan os comedores escolares dos nenos enviados por Servizos Sociais esperando máis de un ano a que dende o Concello se lles devolvan os cartos.



## CONCELLO DE REDONDELA

Ata fai dous anos os clubs deportivos tamén cobraban por medio de subvencións nominativas, estes equipos cobraban en dúas anualidades e non tiñan que adiantar tódolos cartos a espera de recibir a subvención.

Non sería xusto pola nosa parte non recoñecer a clara melloría nos ingresos dos últimos anos grazas a revisión e posta ó día dos padróns.

É unha mágoa que parte dese incremento teñámolo que adicar a pagar a subida no canon de Sogama, que nos supuxo 175.000 € mais no ano 2014. Canon aprobado polo Partido Popular na Xunta de Galicia.

É unha mágoa que as persoas que se acollen os plans de Emprego desenrolados dende o Concello se teñan que rexir pola última reforma laboral aprobada polo Partido Popular en Madrid. Repetimos o do Partido Popular polos repetidos intentos do señor alcalde de desmarcarse de según que políticas do seu partido. Magoa que unha vez que se entra no xogo non quede mais remedio que tragar señor Bas. Temos campos de fútbol, parques infantís, viaduto, pero temos que tragar coa ampliación de Rande.

Dende o primeiro pleno de Orzamentos o que asistimos fixemos fincapé en que nos parecía mais importante como se gastaban os cartos que as dotacións orzamentarias en si. Pode volver votarnos en cara un ano máis que non lle fixeramos propostas, pero nós que a temos a vostede por unha persoa intelixente sabemos que non as esperaba. Non poden vostedes reírse de nós durante todo un ano:

- A) rexistros que non se contestan.
- B) “ que se contestan sen dicir nada.
- C) “ que pasan días en Alcaldía ata que son entregados ao funcionario axeitado.
- D) rexistros que despois de ser contestados quedan en Alcaldía.
- E) Expedientes que van a pleno pero están consultando en Alcaldía.

E aínda así esperar aportacións de esta Agrupación. Tiña razón o señor alcalde cando nos dicía que si queríamos información iamos ter que buscala, o que non esperabamos é que pretenderan reírse de nós. Claro está que o primeiro é o primeiro e o igual que Xaime Rey onde esté unha boa foto ou inauguración que se quite a transparencia.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o orzamento debe entenderse como un instrumento polo que o equipo de goberno xestiona o concello, di que presentan un orzamento electoralista e irreal, porque as partidas de ingresos están sobredimensionadas e non argumentadas, sen datos fiables que dean lugar a ese incremento. Respecto ao capítulo de gastos, falan de partidas máis sociais, e non están de acordo, xa que a realidade non é tal cual. As partidas que se incrementan en servizos sociais teñen finalidade electoralista, os convenios incrementan de xeito desorbitado, poñendo como exemplo, Cáritas ou a nova liña de plan de axuda infantil. Poñen cantidades que logo non gastan, como a partida de emerxencia social; en ensino, as partidas mantéñense da mesma maneira, como exemplo o convenio de mantemento de centros educativos, as subvencións ás ANPAS, di que incrementáanse as actividades da concellería de educación, cre que por erro no orzamento recóllese *consellería*, pero descoñecen cáles son, pasan a 22.500 euros. A partida de subvencións, din que aumenta, pero por ser ano electoral. Conclúe que non están de acordo tampouco cos investimentos, poñendo como exemplo que se esquecen de parte das parroquias do Concello.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que a aprobación dun orzamento é o asunto do pleno máis importante do ano, porque é un instrumento político, pregúntase se é oportuno celebrar o seu debate a dous meses das eleccións. Cando gobernen non van a asumir este orzamento. Di



## CONCELLO DE REDONDELA

que van votar en contra. Explica os motivos polos que non están de acordo, xa que presentan un orzamento irreal de ingresos e enganosos respecto aos gastos, tal como informa o interventor, advertindo que é desproporcionado. Di que realizouse unha previsión de ingresos excesiva con respecto ao do ano 2014, amparándose, entre outros, en que van a recadar máis que ano pasado do Imposto sobre Bens Inmóbeis apoiándose en dereitos recoñecidos, respecto ao Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana (plusvalía) di que cando gobernen van a modificar a ordenanza, respecto a outros, como as transmisións mortis causa, baixaran as cotas. Remata engadindo que o Partido Popular fai unha contención dos gastos, por recortes nas partidas de servizos sociais xa que son superfluas.

A concelleira ALONSO ALONSO di que agradece a AER mencionar as actuacións realizadas polo goberno municipal, respecto ao manifestado polo grupo do BNG di que sempre repiten que o orzamento é electoralista é irreal. Sinala respecto ao capítulo de ingresos, que se cumpre segundo se recolle na liquidación, que tiveron que baixar o Imposto sobre Bens Inmóbeis para evitar que supuxera unha suba para a xente este ano, que o que fixeron é actualizar os padróns e como consecuencia delo non se incrementaron os impostos nin as taxas, poñendo distintos exemplos de partidas de ingresos respecto a impostos, para deixar cubertas as desviacións dos orzamentos. Respecto ao capítulo de gastos, di que non é electoralista, reestrúcturanse para a contención dos gastos coa finalidade de evitar gastos superfluos e reducindo partidas, eliminado seguros, dietas, gastos da alcaldía, custes de proxectos e financeiros, recuperáronse custes de electricidade, reclamación do céntimo santiario, etc..., rematando que a finalidade é a xestión municipal, incrementándose as partidas de igualdade, servizos sociais, medioambiente, emprego, ensino, baixando outras, como a de cultura ou Sogama. Di que non son orzamentos electoralistas, nin irrealistas xa que os pechan en azul.

O concelleiro BLANCO PEREZ di respecto á loubanza da concelleira Alonso Alonso que eles o que falan é das actuacións executadas e a súa xestión, que o goberno fala de que os ingresos son reais pero non é certo xa que non se cobran todos, fala das previsións de emprego, servizos sociais, obradoiro, da non subida do Imposto dobre Bens Inmóbeis, reiterando que o que interesa é como se executou o orzamento, o que non lles convence, así mesmo non está de acordo coa forma de executar os orzamentos en distintas áreas de gastos, como servizos sociais e emprego.

A concelleira PÉREZ ORGE respecto á política de emprego, di non ter claro as salidas laborais, están en desacordo cos soldos, pois hai unha precarización do emprego e das condicións de traballo dos asalariados. Reitera que é irreal e non axustado os ingresos e gastos, neste último sinala que en moitas partidas non gastan, pasándose noutras áreas. Logo da lectura a parte do informe do interventor xeral, no que sinala que as concellerías non se axustan aos gastos e se pasan do orzamentado, poñe como exemplo: cultura, parques e xardíns e alcaldía, entre outros, indicando que hai outras áreas onde non se gasta. Remata manifestando que van votar en contra.

O concelleiro REGUERA OCAMPO reitera que os orzamentos veñen tarde, non están de acordo respecto á xestión dos orzamentos participativos, aínda que ascendan á cantidade de 190.000 euros, o seu modelo a seguir debería ser o da Deputación de Lugo, onde hai reunións previas coa veciñanza e con asociacións e a partir de ahí elaboran os orzamentos. Respecto aos investimentos di que están en desacordo, como co programa de mellora dos camiños municipais, descoñecen o estado da redacción do proxecto de construción da gardería de Chapela e non saben onde se vai ubicar, redacción do proxecto do edificio de Trasmañó, transporte entre as parroquias, saneamento, etc,... Remata preguntándose qué pasará o domingo día 15 de marzo se as obras do pavillón do Plan Marisma Máis non están rematadas.

A concelleira ALONSO ALONSO dirixese ao concelleiro Reguera Ocampo lembrándolle as facturas que se atoparon no caixón por importe de 2.000.000 de euros sendo concelleiro de facenda, di que agora recoñécense as facturas e páganse todas, e os orzamentos non son



## CONCELLO DE REDONDELA

electoralistas. Teñen responsabilidade para cos cidadáns, di que o orzamento é un instrumento non político senon de xestión municipal e que se pechan as contas en equilibrio. Respecto ao que expuso a concelleira Orge Pérez, relativo aos soldos do obradoiro de emprego, rectifícalle que era un curso de formación e que as políticas que se fan son responsables. Conclúe manifestando que a oposición xustifica que va votar en contra porque o orzamento é un instrumento político, pero non é así, xa que é un orzamento responsable para a xestión do Concello.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, rexéitase por once votos en contra (8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER e dez a favor (10 do PP)

### **3.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE A RESTAURACIÓN DO “PROXECTO MARISMA MÁIS” INTEGRADO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE GALICIA.**

#### ANTECEDENTES.-

Visto o ditame da comisión informativa de economía, facenda e desenvolvemento local de data 11 de marzo de 2015, que transcrito di:

“Asunto. Reestructuración do Proxecto “Marisma +” integrado no Programa Operativo FEDER de Galicia.

Vista a Proposta da Concelleira de Economía e Facenda e Desenvolvemento Local, de data 09 de marzo de 2015, que transcrita di:

“Vistas as instrucións para a aplicación e desenvolvemento das bases reguladoras da convocatoria 2007 de axudas do fondo europeo e de desenrolo rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período 2007-2013.

Vistas as actuacións de obra dentro do Plan Marisma + (cofinanciado con axudas do FEDER), que finalmente non van cobrarse e existindo a posibilidade de asignar esas inexecucións que ascenden á cantidade de 765.997,78 € a obras recollidas dentro dos obxectivos das actuacións 2.1 “Acondicionamento do bordo litoral en Cesantes”, 3.2 “Aula de interpretación da Batalla de Rande –“Meirande”” e 4.1 “Remodelación e ampliación da área deportiva – cultural da Marisma de Redondela”.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar autorización para levar a cabo a modificación relacionada nos antecedentes desta proposta e plasmadas nos anexos VI e VII adxuntos a esta proposta.

Votacións e dictame.- A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 4 votos do PP (4 do PP), e a abstención dos demais partidos (3 do PSG-PSOE, 1 do BNG e 1 da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.

#### INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro BLANCO PEREZ di que na comisión informativa que se celebrou para tratar o asunto, o alcalde lles fixo dúas proposicións, indicándolles que de non contar co apoio que retiraría o asunto da orde do día, polo que non entende o motivo polo que o incluíu no pleno xa que non conta co apoio necesario, solicitando que lles dea unha explicación. Di que non van





## CONCELLO DE REDONDELA

apoiar a incapacidade de levar a cabo polo goberno o proxecto do centro de día de Trasmañó rematando tamén engadindo a súa incapacidade respecto á ampliación da autoestrada AP-9.

A concelleira PÉREZ ORGE di que este equipo de goberno xa tiña claro cales eran as actuacións que non iban a facer, van votar en contra, porque non van renunciar ao centro de día de Trasmañó, lles indica que se tiveran intención política habería maneira de facelo e poñe como exemplo o concello de Ponteareas e as xestións que realizaron coa Xunta de Galicia. Di que o que querían era facer o investimento na área deportiva e non van apoiar esta proposta porque invertíuse máis de 2.500.0000 euros no pavillón e parécelles un despropósito aínda que votaran a favor no pasado pleno en relación á modificación do proxecto do pavillón. Conclúe que se se perden os cartos é porque non fixeron o traballo.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que a concelleira Alonso Alonso fala de forma peiorativa da política para o que da lectura á definición de *política*. Di que o equipo de goberno recibiu o Plan Marisma Máis consensuado con todas as forzas políticas que xa viña dun plan anterior, o Marisma, o que foi realizado polo anterior goberno en tempo e forma, acadando unha elevada puntuación. Manifesta que non foron quen de levar a cabo este proxecto pois só tiñan que xestionalo e non deron feito, o que é unha negligencia, pois incumpriron prazos e tiveron que solicitar prórroga, o que vai influir no próximo Plan FEDER. Di que o que non querían é facer o centro de día de Trasmañó. Conclúe que por responsabilidade eles van votar en contra.

A concelleira ALONSO ALONSO resposta ao concelleiro Reguera Ocampo, que quenes votaron en contra ao Plan Martisma foron eles. Di que o equipo de goberno quería facer o centro día e estiveron pelexando polos orzamentos xa que o ben común é o que é bo para os cidadáns e non para os intereses partidistas, o que traen coa proposta é unha reestructuración do orzamento, xa que non hai tempo para poder executar o centro de día, xa que votaron en contra en cada un dos orzamentos.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que non tivo resposta ao que preguntou na súa anterior intervención respecto ao cambio de actitude, teñen claro que van a rexeitar isto e non van apoiar unha mala xestión xa que son responsables do que van facer.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o seu grupo foi claro na comisión informativa, están en contra do cambio e que non pode xustificar e dicir a concelleira Alonso Alonso que non tiñan os orzamentos aprobados, porque traballaron con orzamentos aprobados nos distintos anos de goberno. Manteñen que é unha decisión política e a levan ata o final, lle estraña que non o solicitaran antes, aínda que o iban votar igualmente en contra. Non entenden que o traian a tres días de rematar o prazo. Remata que van votar en contra en convicción co que teñen manifestado nos últimos catro anos.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o equipo de goberno xa advertía que se non se aprobaban no seu día os orzamentos, afectaría a obras importantes como o pavillón o centro de día e o paseo de Cesantes. Reitera que recibiron un proxecto aprobado pola maioría e consensuado. Indica que no primeiro Plan Marisma se fixeron 11 actuacións. Conclúe que van a votar en contra porque no pleno do orzamento do 2014 dixeron que o centro de día de Trasmañó era innegociable.

A concelleira ALONSO ALONSO amosa ao concelleiro Reguera Ocampo un escrito asinado por él, no que se fixeron modificacións e remodelacións no Plan Marisma cando era concelleiro. Di que toman unha decisión e que o fixeron porque consideran que é o máis responsable, xa que coa modificación preténdese unha consecuencia económica, xa que o centro de día non se pode facer xa por tempo. Di que é o mellor para Redondela e non para os intereses dos partidos porque os feitos están consumados. Di que é unha responsabilidade de todos. Conclúe que os grupos municipais representan a unha institución, ao concello de Redondela, e que se debe



## CONCELLO DE REDONDELA

gobernar para Redondela e non para partidos políticos, debéndose olvidar dos intereses partidistas.

No remate da exposición da concelleira Alonso Alonso, o Sr. alcalde chama a orde por primeira vez ao concelleiro Reguera Ocampo e á concelleira Pérez Orge.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, rexéitase por once votos en contra (8 de PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez votos a favor (10 do PP).

E non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e e corenta minutos, de todo o que se estende a presente acta, da que, como secretaria, dou fe.-